



Conexión Wifi con certificado FNMT en Android

Rede Corporativa da Xunta de Galicia

CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Conexión Wifi con certificado FNMT en Android	VERSIÓN:	01.00
COD. DO DOCUMENTO:			
ELABORADO POR:	Centro de Xestión de Rede	DATA:	28/02/2024
VALIDADO POR:		DATA:	
APROBADO POR:		DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá utilizar dito material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa AMTEGA e que requiren necesariamente da súa utilización. Dito compromiso inclúe a prohibición da reprodución parcial ou total do material mencionado, por calquera medio ou método.

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. PROCESO DE CONEXIÓN.....	5
3. PROCESO DE CONEXIÓN DISPOSITIVOS SAMSUNG.....	8
4. CONDICIONS DE USO:.....	11

1. INTRODUCCIÓN


O obxectivo do presente documento é describir os pasos para realizar a conexión á rede sen fíos empregando un certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) en dispositivos Android.

2. PROCESO DE CONEXIÓN


Primeiro precisamos instalar o certificado. En sistemas con Android, deberemos copiar o arquivo de certificado na raíz do directorio do noso almacenamento.

Nome	Fecha modificación	Tipo
.android_secure	01/01/2013 1:02	Carpeta de archi
Alarms	01/01/2013 0:00	Carpeta de archi
Android	01/01/2013 0:00	Carpeta de archi
baidu	20/08/2014 17:47	Carpeta de archi
Certificados	06/11/2014 9:17	Carpeta de archi
CGS	25/03/2014 12:39	Carpeta de archi
DCIM	25/03/2014 21:18	Carpeta de archi
Download	05/09/2014 11:15	Carpeta de archi
LOST.DIR	01/01/2013 1:02	Carpeta de archi
Movies	01/01/2013 0:00	Carpeta de archi
Music	01/01/2013 0:00	Carpeta de archi
Notifications	01/01/2013 0:00	Carpeta de archi
uno	24/10/2014 10:57	Carpeta de archi
Pictures	25/03/2014 13:34	Carpeta de archi
Podcasts	01/01/2013 0:00	Carpeta de archi
Ringtones	13/06/2014 15:26	Carpeta de archi
Certificado.p12.pfx	08/09/2014 16:19	Certificado de se

A continuación, dirixímonos a *Ajustes*:



Na seguinte pantalla, entramos na sección de *Seguridade* e seleccionamos *Instalar certificados desde SD*.



Solicitáranos o contrasinal para incorporalo, escribímo-lo e pinchamos en *Aceptar*:



Para conectarnos á rede, dirixímonos a *Axustes* e, a continuación, a *Redes inalámbricas*. Seleccionamos a rede *ED-Externos* e configuramos o perfil. Completaremos os campos do seguinte xeito.



The image shows a configuration window titled "ED-Externos". It contains several dropdown menus and text input fields. The "Método EAP" dropdown is set to "TLS". The "Autenticación de fase 2" dropdown is set to "Ninguno". The "Certificado CA" dropdown is set to "(Sin especificar)". The "Certificado de usuario" dropdown is set to "Certificado.p12". The "Identidad" text field contains "Mi nombre". The "Identidad anónima" and "Contraseña" fields are empty. At the bottom, there are "Cancelar" and "Conectar" buttons.

Debaixo de *Identidad*, onde pon *Mi nombre*, indicamos o noso DNI. Para finalizar, pinchamos en *Conectar*.


3. PROCESO DE CONEXIÓN DISPOSITIVOS SAMSUNG

Precisamos instalar varios certificados. En sistemas con Android do fabricante SAMSUNG, deberemos copiar os arquivos: certificado persoal e certificado do servidor.



- O certificado de servidor pode descargarse da seguinte [dirección](https://autoprovision.xunta.es/guest/public/XUNTA/server.cer).
<https://autoprovision.xunta.es/guest/public/XUNTA/server.cer>
- ⇒ **Cómpre ter en conta que para realizar a descarga do certificado de servidor é preciso estar conectado á Rede Corporativa a través de VPN ou a través dun cable**





Unha vez descargado, dirixímonos a *Ajustes*:




Na seguinte pantalla, entramos na sección de *Seguridad* e seleccionamos *Instalar certificados desde SD*.




Seleccionamos o certificado persoal (Certificado.pfx) e indicamos o contrasinal. Feito isto, pinchamos en *Aceptar*.



Volvemos á opción de *Instalar certificados desde SD* e seleccionamos o certificado do servidor (server.cer).



Para conectarnos á rede, imos a *Axustes > Redes inalámbricas*. Seleccionamos a rede *ED-Externos* e configuramos o perfil do seguinte xeito:



Debaixo do campo *Identidad*, onde pon *Mi nombre*, indicamos o noso DNI. Para finalizar, pinchamos en *Conectar*.

4. CONDICIONS DE USO:

Có acceso á rede Wifi o usuario acepta de modo explícito as obrigas aquí indicadas.

Medidas de seguridade de obrigado cumprimento

Os usuarios que accedan as redes Wifi da Xunta de Galicia teñen que cumprir coas seguintes medidas de seguridade:

1. O equipo utilizado para conectar coa rede Wifi deberá empregar un sistema operativo distribuído de forma oficial por fabricante do mesmo.
2. O equipo debe ter un antivirus instalado. Este antivirus ten que funcionar correctamente, actualizando diariamente as súas firmas.
3. O equipo ten que ter instaladas todas as actualizacións de seguridade fornecidas polo fabricante.

A Amtega resérvase a facultade de non proporcionar ou inhabilitar posteriormente o acceso Wifi se non se cumpren as medidas de seguridade indicadas.

Monitorización

O acceso e tráfico das redes Wifi será monitorizado de modo automático polas plataformas de seguridade da Xunta coas seguintes finalidades:

1. Detección de actuacións anómalas.
2. Detección de intrusionés.
3. Análise forense de incidentes de seguridade ou incumprimento das normas e políticas de seguridade.
4. Medición e estatísticas para a optimización e mellora do servizo.

Protección de Datos

Conforme ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos, informámolo de que os seus datos persoais serán tratados e quedarán incorporados no ficheiro *Seguridade e control de acceso*, rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), coa finalidade de xestionar as solicitudes de acceso á rede Wifi da Xunta de Galicia e velar pola seguridade da mesma.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia, Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), achegando copia do seu DNI ou, de ser o caso, acreditando representación suficiente.